

ACTA N° 33/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 27 DE XULLO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 27 de xullo de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 32/09, do 20/07 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar ditas actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 140/09 – D. JOSÉ CHAPELA CARBALLO presenta proxecto de reparación de cuberta e conservación de vivenda unifamiliar, situada no Barrio de O Casal, 58 – San Martiño (Moaña), de conformidade co proxecto presentado, redactado

polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado na data 09.07.09.
Superficie total: 103,78 m², orzamento 21.578,08 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 21 de xullo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE REPARACIÓN DE CUBERTA E CONSERVACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple reparación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto así como a conservación exterior e interior da edificación preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos:

| | |
|---------------------------------|----------|
| Imposto sobre construcións..... | 604,19 € |
| Taxas licenza urbanística..... | 65,00 € |
| Cartel obra..... | 110,00 € |

2.B) EXPTE. 128/09 – D^a. M^a DOLORES TÁBOAS FERRADÁS presenta proxecto de reparación de muro de contención existente, sito no Barrio de Palmás, 25 A – Domaio (Moaña), de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Jesús Carballo Vázquez, visado o día 14.05.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 20 de xullo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras definidas en proxecto,

Non precisa informes sectoriais. .

As obras definidas no presente proxecto tipifícanse como obras de mellora cuxa cobertura de licenza queda xustificada o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. A presente obra está en situación xenerica de fora de ordenación por cumprir retranqueos do sistema viario según informa o Inspector de obras Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na mellora para unha edificación en situación xenérica de fora de ordenación e da conservación do uso preexistente según os criterios do epígrafe 2.3.5.3 (apartados 2 e 3) das NN. SS. de Planeamento Municipal.

Liquidación provisoria de tributos:

| | |
|---------------------------------|----------|
| Imposto sobre construcións..... | 65,00 € |
| Taxas licenza urbanística..... | 50,40 € |
| Cartel obra..... | 110,00 € |

3.- DENEGACIÓN DE LICENZAS DE OBRA

EXPTE. 28/09 – MANUEL ROSALES MARTÍNEZ presenta proxecto básico e execución de adaptación de muros existentes para a legalización dous peces laterais do terreo (EXPTE. Nª 26/08 de reposición da legalidade urbanística), sitos no Barrio de Couso, 80, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto D. Javier Rial Lemos, visado na data 16.02.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 20 de xullo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: LEGALIZACIÓN DE PECHE DE FINCA.

INFORME: Non procede licenza.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta acordo do Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Turismo informando desfavorablemente a proposta realizada, xa que non se considera adecuada a existencia dun muro opaco na parte alta da parcela, polo que representa un impacto visual para o conxunto arqueolóxico da chamada Torre de Meira. Deberá demolerse a parte do muro construída con bloques de formigón e propoñer un cerre de tela metálica e postes do mesmo material, que podería complementarse cunha sebe ou enredadeira vexetal.

Liquidación provisoria de tributos

| | |
|--------------------------------|---------|
| Imposto s/construción..... | 61,44 € |
| Taxas licenza urbanística..... | 65,00 € |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a concesión da licenza solicitada polos motivos recollidos no informe do aparelador municipal.

4.- ARQUIVO PROVISIONAL DE EXPEDIENTE

EXPTE. 143/09 – Dª. Mª DOLORES JUNCAL FERNÁNDEZ presenta proxecto de acondicionamento de local para farmacia na r/ Daniel Castelao nº3, baixo, do Barrio do Real – Tirán (Moaña), de conformidade co proxecto presentado, redactado polo Estudo de Arquitectura AR UR MO (Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P.), sendo o arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado o día 25.06.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 21 de xullo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: ADAPTACIÓN DE LOCAL A FARMACIA(OBRA MAIOR).

INFORME:

O apartado 3 do Artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais –Decreto de 17 de Xúño de 1955- especifica que con arreglo o proxecto presentado, a edificación dun inmueble se destinará a establecemento de características determinadas, non se otorgará a licenzia de obras sin o otorgamento da licenzia de apertura si fose procedente.

Abondando an cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenzia de actividade ou apertura e , ademais, licenzia urbanística, serán obxero duna soa resolución, sin perxucio da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

Dado a existencia de informes sectoriais de outras administracións concurrentes – Consellería de Sanidade- no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licenzia de actividade ou de apertura ten prioridade sobre a correspondente licenzia urbanística, **proponse o arquivo provisional** deste expediente de obra en tanto non se remate o trámite da licenzia de actividade.

Liquidación provisoria de tributos:

| | |
|---------------------------------|----------|
| Imposto sobre construcións..... | 807,74 € |
| Taxas licenzia urbanística..... | 72,12 € |
| Cartel obra..... | 110,00 € |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico municipal, acorda **o arquivo provisional do expediente nº 143/09 en tanto non se remate o trámite da licenzia de apertura.**

5. OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

5.A) Vista a solicitude de **D. JESÚS RIOS SOLLA** na presenta proxecto de execución de dúas vivendas pareadas unifamiliares de planta baixa e primeira e soto, visado o 14 de maio de 2007, correspondente ao expediente 106/06. Indica que xa o entregara anteriormente pero que non lle dera rexistro de entrada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 23 de xullo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 106/06 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licenza.

A obra está executada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, **acorda aprobar o informe do aparellador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA Nº 106/2006.**

5.B) EXPTE. 23/09 - D.^a MATILDE CAAMAÑO BARREIRO.

Por acordo da Xunta de Goberno do 19 de maio de 2009 iniciouse o expediente de declaración de ruína para poder proceder á execución das obras de demolición parcial de edificio de vivendas sito na rúa Ramón Cabanillas, 130, do barrio da Praia, de conformidade co proxecto de execución presentado. Ademais, acordouse que se lle dese traslado ao arrendatario identificado no expediente para que alegase o que estimase pertinente na defensa do seus intereses.

Visto o informe do aparellador municipal do 15 de xullo de 2009, que literalmente di:

Arturo Garrido García, aparellador municipal, a requirimento do Sr. Alcalde, en relación co procedemento de declaración de ruína promovido por D.^a Matilde Caamaño Barreiro como propietaria do inmueble sito na R/ Ramón Cabanillas 130, atendendo o disposto no Artigo 40 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo qu se aproba o Regulamento de Disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, logo de efectuada visita de inspección do inmueble conxuntamente co Concelleiro delegado de urbanismo e Arquitecto municipal, elevo a seguinte proposta a Xunta de Goberno Local como órgano que ten atribuída a competencia para a resolución definitiva:

Compróbase en situ o estado da edificación e cerciorámonos do axuste das magnitudes da documentación técnica aportada no proxecto de demolición parcial de edificación suscrita polos arquitectos técnicos Juan Manuel Iglesias Roris e M.^a Raquel Pereira Puente que consisten na demolición de 32,94 M/2 en teito de planta primeira e 32,94 en teito de planta segunda e cuberta, ascendendo o total a superficie a demoler 65,88 M/2.

A ruína debe declararse de carácter parcial; o resultante da demolición non impediría a utilización da ala dereita que queda configurada no inmueble dado a estruturación do mesmo con escaleira central. Declaración que se debe pronunciar en cumprimento do apartado 1.b) do Artigo 41 do referido Decreto.

Atendendo o disposto no Artigo 201. 2, b) e c) da Lei 9/2002 reformada pola 15/2004 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o edificio presenta un esgotamento xeneralizado de elementos estruturais na parte afectada, comprobados os dictámenes técnicos presentados se debe afirmar que estos non son reparables con medios técnicos normais para conseguir un grado de conservación que permita a subsistencia da edificación. Calquera obra a acometer supón unha consolidación estrutural que estaría en contra do determinado polas NN. SS de Planeamento municipal dado que a edificación está en situación de fora de ordenación precisamente no seu alzado esquerdo por presentar luces e vistas cando existe a obrigatoriedade de edificar entre medianeiras o que impide a reprodución do modelo.

A execución da demolición parcial debe garantir o perfecto estado de utilización da planta baixa do arrendatario así como a seguridade do mesmo.

Aos efectos oportunos.

Liquidación provisoria de tributos:

| | |
|---------------------------------|----------|
| Imposto sobre construcións..... | 266,00 € |
| Taxas licenza urbanística..... | 65,00 € |
| Cartel obra..... | 110,00 € |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda declarar a ruína parcial do inmovible sito na rúa Ramón Cabanillas, 130, e aprobar a licenza para a demolición solicitada, nos termos reflectidos no informe do aparelador municipal.

6.-PECHE

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 61/09 – D. GABRIEL FERRAL DIAZ, presenta anteproxecto de cderramento a lindante, a base dunha ringleira de pedra de perpiaño de 0,40 m. de alto e postes de pedra de 1,20 m. de alto cunha lonxitude total de 19,50 m. liñais, no lugar de Vilela, Tirán, nº 45, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal, visado na data 07.04.2009, para legalizar o expediente de reposición da legalidade urbanística número 08/09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 17 de xullo de 2009, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE OBRAS: 61/09

EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE: 08/09

PETICIONARIO: GABRIEL FERRAL DIAZ

ASUNTO: PECHE (OBRA MENOR)

INFORME: Procede licenza.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización do Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Turismo.

O dimensionamento do peche levarase a cabo segundo as características determinadas da documentación presentada. Debendo retrasarse do muro continuo de contención inferior por sobrepasar a altura máxima de dous metros según informa o Inspector de obras.

A execución do cerramento actual non queda legalizado

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 13,02 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

7. APROBACIÓN DEFINITIVA DO REFORMADO DE PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA ÁREA APTA PARA A URBANIZACIÓN RESIDENCIAL GOLF DOMAIO (A-7)

- O día vintenove de setembro de dous mil oito a Xunta de Goberno deste Concello aproba inicialmente o reformado de Proxecto de Urbanización da área apta para a urbanización residencial Golf Domaio (A-7), redactado polo arquitecto D. Francisco Márquez Taín e visado en data 2.09.08.

- O día 16 de outubro de 2008 publicase anuncios de aprobación inicial do Proxecto no BOP e en data 11 de outubro de 2008 no Faro de Vigo, iniciándose o prazo de exposición pública do mesmo.

- No período de exposición pública se presentaron as seguintes alegacións:

- Alegacións de D. Manuel González Bragado, nº de rexistro de entrada 9.005 de 7 de novembro de 2008.

- Alegacións de D. Manuel Ríos González, nº de rexistro de entrada 9.014 de 8 de novembro de 2008.

- Alegacións de D. Cándido Martínez Rodríguez en representación do Colectivo Ecoloxista “Luita Verde”, nº de rexistro de entrada 9.015 de 8 de novembro de 2008.

- Alegacións de D. Juan Santos Gómez, en representación da Comunidade de Montes Veciñais enmán común de Domaio, nº de rexistro de entrada 9.236 de 17 de novembro de 2008, presentada en dependencias da Xunta de Galicia en data 5 de novembro de 2008.

Fora do período de exposición pública se presentaron as seguintes:

- D. José Carlos Ferradás Pequeño, en representación da Comunidade de Augas para usos domésticos dos barrios de Calvar-Verdeal da parroquia de Domaio, nº de rexistro de entrada 9.881 de 24 de novembro de 2008, presentada en dependencias da Xunta de Galicia en data 17 de novembro de 2008.

- D. Alfonso Blanco Paredes, en representación da Asociación Veciñal O Monte Faro de Domaio, nº de rexistro de entrada 9.882 de 24 de novembro de 2008, presentada en dependencias da Xunta de Galicia en data 17 de novembro de 2008.

- D. Juan Santos Gómez , en representación da Comunidade de Montes Veciñais en común de Domaio, nº de rexistro de entrada 9.880 de 24 de novembro de 2008, presentada en dependencias da Xunta de Galicia en data 17 de novembro de 2008.
- En data 27 de novembro e 4 de decembro de 2008 os redactores do proxecto presentan informe respecto das alegacións presentadas.
- En data 16 de xuño de 2009 a Asistencia técnica municipal emite informe sobre o exemplar definitivo dos Proxectos de Urbanización, cas rectificacións derivadas do estimación do recurso e das precisións dos informes técnicos.
- En data 9 de xullo de 2009, a Asistencia técnica municipal emite informe sobre o contido das alegacións presentadas.
- En data 27 do xullo de 2009 emite informe a Secretaría Municipal.

Á vista do modificado do Proxecto de Urbanización presentado e do sinalado nos informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO: Inadmitir as alegacións presentadas por D. José Carlos Ferradás Pequeño, D. Alfonso Blanco Paredes e D. Juan Santos Gómez (nº de rexistro 9.880) por se presentaren fóra de prazo.

SEGUNDO: Admitir a trámite e desestimar as alegacións de D. Manuel González Bragado, D Manuel Ríos González, D.Cándido Martínez Rodríguez e D. Juan Santos Gómez (nº de rexistro 9.236), de acordo cos informes da Asistencia Técnica e do secretario da Corporación.

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente o reformado do Proxecto de Urbanización da área apta para a urbanización residencial Golf Domaio (A-7), redactado polo arquitecto D. Francisco Márquez Tañ e visado en data 02.09.08, quedando esta aprobación condicionada ao cumprimento dos requirimentos que se fan constar a continuación:

- Deberán realizar a Acta de Replanteo de Alineacións e rasantes, cos técnicos municipais. Asemesmo deberá extenderse acta de inicio das obras de urbanización, nos prazos previstos na normativa urbanística.
- Depositarán na Tesorería Municipal e antes de extender acta de inicio das obras a aval correspondente ao 6% do Orzamento de execución material das obras de urbanización por importe de 310.152,86 euros. Estas garantías poderán constituírse mediante calquera dos mecanismos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas, deberán prestarse no prazo máximo de tres meses desde a aprobación definitiva do modificado do proxecto de urbanización e hanse cancelar, por petición dos interesados, unha vez recibida a urbanización, non podendo iniciarse as obras sen a previa constituición desta garantía.
- Se manterá en óptimas condicións de limpeza a obra e en especial as zonas colindantes a esta, intentando que a afección ás vías públicas sexa a menor posible.

CUARTO.- Publicar no BOP o presente acordo, que pon fin á vía administrativa e contra o que pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES a contar desde o día seguinte ao do seu notificación, ou ben, con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ha dictado a presente Resolución no prazo dun MES a contar desde

o día seguinte ao do seu notificación e, contra a resolución expresa ou presunta deste, recurso contencioso-administrativo ante o citado Xulgado no prazo de DOUS MESES a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución desestimatoria do recurso ou no prazo de SEIS MESES a contar desde o día seguinte a aquel en que se produza a desestimación presunta do recurso.

8.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 e outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

| DEPARTAMENTO | CONCEPTO | PROVEDOR | PARTIDA | IMPORTE |
|---------------|-----------------------|--|--------------------------|------------|
| POLICÍA LOCAL | Roupa policía local | EL CORTE INGLÉS, S.A. | 2220-22104 RC 1204 | 2.092,64 € |
| SERVIZOS | Subministros servizos | A & B LABORATORIOS DE BIOTECNOLOGÍA, S.A.U. | 5110 22109 RC 1213953 | 2.690,39 € |

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

9.- MODIFICACIÓN DE ACORDO SOBRE OPERACIÓN DE FINANZAMENTO ICO AVAIS

Vista a proposta do concelleiro de Facenda de data 22 de xullo de 2009, que di:

“Na Xunta de Goberno Local celebrada o pasado 6 de xullo de 2009, entre outros acordos adoptouse o presentado polo Concelleiro de Facenda sobre a OPERACIÓN DE FINANCIAMENTO ICO AVAIS, no que hai un erro:

Donde di Banco de Crédito Local, debe dicir BANCO BILBAO VIZCAYA FACTORING EFC S.A. Unipersonal”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de modificación do concelleiro de Facenda.

10.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA DEPOSITADA POLA CONSTRUTORA OUTÓN Y FERNÁNDEZ, S.L

Vista a solicitude de D. Manuel Outón Limeres en nome de *Constructora Outon, s.l.u*, antes *Outón e Fernández, s.l.*, na que expón que finalizaron as obras de urbanización para as que formalizaron aval –nº 560523121.4- pola contía de 951.800 ptas, e solicita a súa devolución,

Visto o informe da tesoureira do 27 de xullo de 2009 (38/09), emitido tralo informe favorable á devolución do aparelador municipal do 8 de xuño de 2009, que indica que se comprobou o depósito do aval correspondente na tesourería municipal (núm. documento 1999-572-0), e **informa favorablemente** a devolución da fianza indicada por importe de 5.720,43 euros a favor de OUTÓN Y FERNÁNDEZ, S.L.,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución da fianza de 5.720,43 euros a favor de OUTÓN Y FERNÁNDEZ, S.L, representada por D. Manuel Outón Limeres.

11.- DEVOLUCIÓN DE IMPORTE DE SEGUNDA MULTA COERCITIVA POR SENTENZA XUDICIAL

Vista a sentenza firme (nº 148/09) recaída no recurso contencioso-administrativo procedemento abreviado nº 38/2009 do Xulgado do Contencioso nº 1 de Pontevedra, interposto por D. Julio Bermúdez Paredes contra resolución de Alcaldía de data 28 de novembro de 2008 pola que se lle impoñía segunda multa coercitiva por importe de 1000 euros, reiterable mensualmente polo Concello ata lograr a demolición de obras ordenada por resolución do 7 de setembro de 2007, e visto que o xuíz lle estima o recurso ao demandante, anula a resolución e condena en custas ao Concello,

Vista a solicitude de devolución da contía da multa pagada por D. Julio Bermúdez Paredes, para o que achega copia da sentenza nº 148/09,

Visto o informe favorable da tesoureira municipal de data 27 de xullo de 2009 para proceder á devolución solicitada,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a execución da sentenza 148/09 ditada polo Xulgado do Contencioso nº 1 de Pontevedra no recurso promovido por D. Julio Bermúdez Paredes, procedendo á anulación da Resolución da Alcaldía núm.610/2008, de 28 de novembro de 2008.

Segundo: Aprobar a devolución de 1000 euros a D.Julio Bermúdez Paredes, contía correspondente á segunda multa coercitiva en expte. de reposición 32/07, en cumprimento da senteza 148/09 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 Pontevedra.

Terceiro: Solicitalle ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra a liquidación das custas e remitirlle copia deste acordo.

12.- CONVOCATORIA PRAZAS ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

Vista a proposta do concelleiro delegado de Cultura do 22 de xullo de 2009 baseada no informe sobre novos ingresos na Escola Municipal de Música feito polo Director da Escola Municipal de Música de Moaña, que di:

INFORME SOBRE NOVOS INGRESOS NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

Unha vez formalizada a continuidade dos alumnos que realizaron o curso 2008-09 da Escola Municipal de Música, o Concello de Moaña vai proceder á

1º- CONVOCATORIA DE 14 PRAZAS DE NOVO INGRESO NA MATERIA DE INICIACIÓN MUSICAL PARA ALUMNOS DE 4 A 7 ANOS E DE 4 PRAZAS EN FORMACIÓN INSTRUMENTAL NA ESPECIALIDADE DE CLARINETE, FRAUTA E PIANO PARA ALUMNOS DE 8 ANOS EN DIANTE PARA O CURSO 2009-10

segundo as seguintes **ESPECIFICACIÓNS:**

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN PARA:

14 PRAZAS DE INICIACIÓN MUSICAL (ALUMNOS DE 4 A 7 ANOS):

- Prazo: Días 7 ao 30 de setembro de 2009, ambos inclusive.
- Lugar: Casa do Concello de Moaña.
- Horario: Entre 8,30 h. e 13,30 h.
- Preferencia: Orde de entrada de instancias.

CADRO DE IDADES, PRAZAS E HORARIO

| NADO NO ANO | Nº PRAZAS | HORARIO AULA SEMANAL |
|-------------|-----------|---|
| 2005 | 4 | Luns: 17,30-18,30 h. (1 hora semanal) |
| 2004 | 4 | Xoves, 17,30-18,30 h. (1 hora semanal) |
| 2003 | 3 | Martes: 18,30-19,30 h. (2 horas semanais) |
| 2002 | 3 | Venres: 17,30-18,30 h. |

-Procedemento:

Os pais, nais ou titores deberán primeiro recoller o impreso de preinscrición que estará ao seu dispor dende o día 7 de setembro no Servizo de Información do Concello. Unha vez cuberto este impreso, deben entregalo de novo no Servizo de Información asegurándose de que toda a información requirida está debidamente cumprimentada.

Despois de comprobados no citado Servizo os datos, do neno/a, a través do DNI ou Libro de Familia, o Servizo de Información fará constar na instancia a hora de entrada. Unha vez cuberto o número de prazas coas correspondentes preinscricións consideradas válidas, esta relación pasará á Xunta de Goberno Local para formalizar a inscrición definitiva, para o que se avisará telefónicamente aos titulares das solicitudes admitidas, sobre o proceso de matriculación definitiva, data e lugar de pagamento, etc.

Os prezos deste servizo, segundo a Ordenanza Reguladora dos Prezos Públicos polos Servizos Sociais, Culturais, Deportivos e de Ocupación do Tempo Libre, son:

-Iniciación Musical: 60 €

(Existe unha bonificación por inscrición de varios membros da unidade familiar na Escola ou por membro de familia numerosa: 25% de desconto por inscrición. Para acceder ó desconto o interesado deberá presenta-lo boletín de inscrición do membro familiar na Escola ou o Libro de Familia)

As persoas que presenten instancia fora das prazas ofertadas terán dereito a quedar rexistradas nunha lista de espera que se confeccionará segundo hora e data de entrada en rexistro.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN PARA FORMACION INSTRUMENTAL (NADOS no 2001 ou ano ANTERIOR) :

2 PRAZAS DE ESPECIALIDADE: CLARINETE

1 PRAZA DE ESPECIALIDADE: PIANO

1 PRAZA DE ESPECIALIDADE: FRAUTA TRAVESEIRA

-Prazo, lugar e horario: os mesmos do apartado de Iniciación Musical.

-Preferencia: Orde de entrada das instancias.

-Procedemento:

Os pais, nais ou titores deberán primeiro recoller o impreso de preinscrición que estará ao seu dispor dende o día 10 de setembro no Servizo de Información do Concello. Unha vez cuberto este impreso, deben entregalo de novo no Servizo de Información asegurándose de que toda a información requirida está debidamente cumprimentada.

Despois de comprobados no citado Servizo os datos, do neno/a, a través do DNI ou Libro de Familia, o Servizo de Información fará constar na instancia a hora de entrada.

Unha vez cuberto o número de prazas coas correspondentes preinscricións consideradas válidas, esta relación pasará á Xunta de Goberno Local para formalizar a inscrición definitiva, para o que se avisará telefónicamente aos titulares das solicitudes admitidas, sobre o proceso de matriculación definitiva, data e lugar de pagamento, etc.

Os prezos deste servizo, segundo a Ordenanza Reguladora dos Prezos Públicos polos Servizos Sociais, Culturais, Deportivos e de Ocupación do Tempo Libre, son:

-Formación Instrumental: 105 €

(Existe unha bonificación por inscrición de varios membros da unidade familiar na Escola ou por membro de familia numerosa: 25% de desconto por inscrición. Para acceder ó desconto o interesado deberá presenta-lo boletín de inscrición do membro familiar na Escola ou o Libro de Familia)

As persoas que presenten instancia fóra das prazas ofertadas terán dereito a quedar rexistradas nunha lista de espera que se confeccionará segundo hora e data de entrada en rexistro.

2º. CONVOCATORIA PARA A FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN PARA ENTRAR EN LISTA DE ESPERA NA INICIACIÓN MUSICAL (4 a 7 anos cumpridos no 2009) E NA FORMACIÓN INSTRUMENTAL (8 ANOS EN DIANTE cumpridos no 2009).

Segundo as seguintes **ESPECIFICACIÓNS:**

-Prazo: Do 7 Setembro ó 31 de Decembro.

- lugar: Servizo de Información

- horario: 08:30 a 13:30

-Procedemento: Os pais, nais ou titores deberán recoller e cubrir a instancia que se lles facilitará no Servizo de Información, onde farán constar os datos propios e os do posible alumno así coma a especialidade a cursar entre:

4 a 7 anos: **Iniciación Musical**

8 anos en diante: **Trompeta –Trompa- Trombón - Tuba- Bombardino- Clarinete – Saxo – Frauta - Piano.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a convocatoria de 14 prazas de novo ingreso na materia de iniciación musical para alumnos de 4 a 7 anos e de 4 prazas en formación instrumental na especialidade de clarinete, frauta e piano para alumnos de 8 anos en diante para o curso 2009-10. Tamén se aproba a convocatoria para a formalización das solicitudes de admisión para entrar en lista de espera na iniciación musical e na formación instrumental, segundo se recolle no informe do Director da EMM.

13.- POSTOS MERCADILLO VENDA AMBULANTE

Visto informe – proposta do encargado do mercadillo de data 24 de xullo de 2009, no que indica a relación de vendedores do mercadillo que presentaron a documentación requirida polo Concello para poder exercer a venda ambulante:

| Nome e apelidos | NIF | Mercadoría | Superficie |
|---------------------------------------|------------|-----------------|------------|
| M ^a Pilar Pérez González | 33210483 R | Louza | 5 metros |
| AGROCAR C.B. Redondela | E-36396810 | Maq. Agrícola | 6 metros |
| José López Pérez | 35981688 M | Discos e outros | 6 metros |
| M ^a Elisa Giráldez Peña | 35291773K | Roupa | 4 metros |
| M ^a Carmen Fernández Jalda | 76833109E | Roupa | 8 metros |
| Francisco Pousada Pastoriza | 52491345D | Roupa | 10 metros |
| Hermilinda Camiña Otero | 35309220 B | Calzado | 11 metros |

| | | | |
|--------------------------------------|--------------|----------|----------|
| Esther López Pérez | 36034011 A | Textiles | 6 metros |
| Rokhaya Biaye | X3743068W | Roupa | 4 metros |
| Francisco Javier González Álvarez | 35.565.140 X | Calzado | 6 metros |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as solicitudes obrantes na proposta.

14.- SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE TERRAZA

D.^a María Consuelo Romero Pérez solicita a instalación dunha terraza de 6 m² na Hamburguesería Cervecería *Beiramar* en dominio público marítimo terrestre, rúa Concepción Arenal, 15.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda solicitar a ampliación do Plan de Explotación de Terrazas e Chiringos en dominio público marítimo terrestre incluíndo á Hamburguesería Cervecería *Beiramar* (6 m²).

15.- VADOS

15.A) D. JESÚS MANUEL MARTÍNEZ NOGUEIRA presenta instancia na que solicita un vado permanente en Subida a Capela do Samertolameu, 9, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 115,00 euros.

Visto o informe favorable do inspector xefe da Policía Local do Concello de Moaña do 26 de xuño de 2009, no que se fai constar que existe unha garaxe para un vehículo nesa propiedade, e que non hai inconveniente en acceder ao solicitado. Para sinalizar a zona hai que autorizar o pintado dunha franxa de 8 metros na calzada diante da entrada do portal.

Visto o informe do inspector de obras do día 21 de xullo de 2009 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. JESÚS MANUEL MARTÍNEZ NOGUEIRA, co pintado dunha franxa de 8 metros na calzada diante da entrada do portal, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 115,00 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

15.B) D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ CARBAJALES presenta instancia na que solicita un vado permanente en Xunqueira, 57, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 127,50 euros.

Visto o informe favorable do inspector xefe da Policía Local do Concello de Moaña do 18 de xullo de 2009, no que se fai constar que no citado lugar (baixo) existen dous

portales de 4 metros de ancho separados por unha parede de 1 metro, polo que debería pintar o rebaixe total da beirarrúa que utiliza que é de 9 metros.

Visto o informe do inspector de obras do día 20 de xullo de 2009 que indica que se encontra en zona urbana.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ CARBAJALES, co pintado do rebaixe total da beirarrúa de 9 metros, polo cal presenta recibo de taxas por un importe total de 127,50 euros e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

15.C) D. ADÁN GONZÁLEZ ALFAYA presenta instancia na que solicita un vado permanente en Fragata Villa de Madrid, 20, para o que presenta recibo de pago das taxas por un importe de 40,00 euros.

Visto o informe favorable do inspector xefe da Policía Local do Concello de Moaña do 17 de xullo de 2009, no que se informa favorablemente a súa concesión e no que consta que hai un portal de 1,98m.

Visto o informe do inspector de obras do día 20 de xullo de 2009 que indica que se atopa en solo urbano

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. ADÁN GONZÁLEZ ALFAYA, de 2,00m lineais de entrada, polo cal presenta recibo de taxas por un importe total de 40,00 euros e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

15.D) D. EUGENIO TRIGO ESPAÑA presenta instancia na que solicita un vado permanente en Daniel Castelao, 7, baixo, para o que presenta recibo de pago das taxas por importe de 63,75 euros.

Visto o informe favorable de inspector xefe da Policía Local do Concello de Moaña do 17 de xullo de 2009, no que se informa favorablemente a súa concesión e no que consta que hai un portal de 3,90m.

Visto o informe do inspector de obras do 20 de xullo de 2009 que indica que se atopa en solo urbano

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. EUGENIO TRIGO ESPAÑA, de 3,90m lineais de entrada, polo cal presenta recibo de taxas por un importe total de 63,75 euros e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

16.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista da solicitude presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a que se relaciona a continuación.

| | Servizo | Lugar | Taxas aboadas | Informe favorable |
|-----------------------|---------------------------|--------------|------------------------------|-----------------------------|
| Mª OLGA CURRÁS PAZ | Saneamento, uso doméstico | Piñeiro, 28 | Conexión sumidoiro.....180 € | Aqualia Arq. Téc. Munic. |

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:38 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.